

## Bloque 1. Tema 2.

*A configuración do Imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).*

No ano 1516, tras o falecemento de Fernando II o Católico, e debido a que a súa filla Juana fora declarada incapacitada para reinar, o fillo desta, Carlos, de só 16 anos, ascende ao trono da Monarquía Hispánica. Complétase así a unión dinástica iniciada polos seus avós unhas décadas antes. Os territorios que **Carlos I** herdou non se limitaban aos territorios peninsulares de Castela e Aragón, senón que eran moito máis extensos: a Castela pertencían as illas Canarias, varias prazas africanas (Melilla, Bugía, Orán, Alxer) e as posesións americanas recentemente acadadas, e de Aragón eran as históricas posesións en Italia (Nápoles, Cerdeña-Sicilia). Esta sería a herdanza por parte materna, pero a estes territorios habería que engadirllas a herdanza paterna: os territorios europeos herdados da Casa de Borgoña coma Flandes, o Franco Condado e Charolais, ao que haberá que engadir, en 1519, tras a morte do seu avó, o emperador Maximiliano I de Austria, Austria e o Milanesado. Despois sumaríase tamén o Sacro Imperio Romano Xermánico, debido a que Carlos **foi elixido Emperador**. Así, pasará a considerarse a cabeza da “Universitas Christiana”, por riba de Rei das “Españaas”.

A carreira imperial, a *idea de manter ese imperio herdado* e a obsesión pola *creación dunha monarquía católica universal* leva a Carlos I a enfrontarse a Francia, o seu gran rival, aos protestantes alemáns, ao mesmo Papa ou ao “turco” (Imperio Otomano). Toda esa empresa imperial supón un *enorme gasto para as arcas castelás*, xa que o monarca, ademais de solicitar préstamos a banqueiros xenoveses e alemáns, esixirá o pago de innumerables tributos que recaerán fundamentalmente sobre os “pecheros” da Coroa de Castela. Este foi o principal motivo da *Revolta das Comunidades* castelás, e tamén acabará derivando nunha *crise económica* de gran repercusión, que levará a declaración de bancarrota da facenda real no ano 1557. Todas estas dificultades levárono a abdicar.

O seu fillo e sucesor será **Felipe II** (1556-1598), o segundo dos “Austrias maiores”. A diferenza do seu pai, *gobernará dende Castela*, creando unha capital permanente, Madrid. Felipe II *centrarase nas posesións hispánicas*, xa que os dominios imperiais alemáns pasaron a mans do seu tío, Fernando de Austria. A partir do ano 1580 **incluírá nestes dominios a Portugal**, tras un conflito sucesorio no país veciño que se resolve no seu favor por ter dereitos dinásticos, ao ser neto

do rei Manuel I. A clase dirixente portuguesa escolleuno a el por considerar que podía protexer mellor o seu comercio colonial. Tras isto, converteu as súas posesións no maior imperio territorial e marítimo ata aquel momento coñecido.

O conflito máis grave do seu reinado foi a **rebelión de Flandes**. Alí, os *calvinistas*, acaudillados por Guillermo de Orange, rebeláranse contra o monarca, nun conflito que ten *causas relixiosas, pero, sobre todo, económicas e políticas*. A situación agravárase cando o rei quixo introducir a Inquisición para combater a herexía calvinista. Ante as protestas, enviou un forte exército ao mando do duque de Alba, que exerceu unha dura represión, o que acabou levando a un levantamento xeral. Posteriormente o exército español en Flandes pasou a estar baixo o mando de Alejandro de Farnesio, un gran estratega que combinou as vitorias militares coa diplomacia e conseguiu importantes vitorias, mais non deu impedido que as provincias do norte (Holanda e Zelandia) se independizasen. A estas sumáronse outras rexións, que pasaron a denominarse *Provincias Unidas*, unha das principais potencias navais do mundo e rival de España.

Nestes anos destaca tamén a **hostilidade entre Inglaterra e a Monarquía Hispánica**, iniciada co reinado da raíña Isabel I. Ata ese momento Inglaterra fora aliada de Carlos I, e incluso a raíña María I casara con Felipe II, sendo este rei consorte. Mais tras a morte sen descendencia de María, ascende ao trono a súa irmá, Isabel I, que cambiará a súa política e iniciará unha guerra contra España. Os motivos da animadversión inglesa son tanto relixiosos, xa que a raíña Isabel institúese en garante do protestantismo; como económicas, especialmente polo desexo de acabar co monopolio comercial que España se atribuíra sobre América. Neste sentido, a raíña inglesa concedeu patentes de corso a barcos piratas para atacar barcos españois. Tamén apoiou desde o comezo das revoltas aos rebeldes flamencos, o que desgastou económica e militarmente á Coroa Hispánica. Para cortar precisamente ese apoio aos calvinistas flamencos, Felipe II organizou a invasión de Inglaterra en 1588, coa Gran Armada (máis coñecida como a “Armada Invencible”), unha gran flota composta de case 130 barcos, pero moi mal organizada, que rematou nun completo fracaso, pois acrecentou o poder naval inglés e non serviu para solucionar o problema de Flandes.